

ANEXO I.

PLAN XERAL DO

DEPARTAMENTO

DE ORIENTACIÓN

CEIP LABARTA POSE

CURSO 2023-2024

INDICE

1. Introducción

1.1 Marco Legal

2. Xustificación baseada no contorno

2.1 Contextualización do centro

2.2 Centro compartido

2.3 Composición do Departamento de Orientación

3. Funcións e obxectivos do DO

3.1 Funcións

3.2 Obxectivos

4. Planificación xeral e identificación das accións prioritarias

4.1 Ámbitos de intervención

4.2 Definicións de accións prioritarias

4.3 Actividades para o presente curso

5. Horarios do Departamento de Orientación (PT a tempo completo, PT compartida, AL e Orientadora)

5.1 Horario da xefatura do DO

5.2 Horarios profesores de apoio

5.3 Estratexias de intervención

6. Criterios, forma e seguimento de avaliación do Plan de Orientación

6.1 Criterios de avaliación

6.2 Procedementos e instrumentos de avaliación do plan

6.3 Seguimento

7. Plan anual de actividades do DO

8. Programación PT

9. Programación AL

1. INTRODUCCIÓN

A orientación é un deber compartido por todos os mestres que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico-didáctico que articula, a medio e largo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción tutorial. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagóxico- educativa do centro e, consecuentemente, debe coordinarse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma pois, un epígrafe propio do PE como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, no benestar emocional, na orientación persoal e académica e na acción tutorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Pretendemos que o Plan de Orientación sexa un documento práctico que sirva de guía da nosa labor, dea a coñecer aos restantes membros da Comunidade Educativa os ámbitos de actuación nos que imos traballar.

O noso PO, que imos desenvolver nos seguintes apartados, estrutúrase en varios bloques:

- Descrición do contorno no que se desenvolve o proceso orientador.
- Obxectivos da orientación para o conxunto do sistema.
- Accións de orientación prioritarias.

- Estratexias de intervención.
- Criterios e formas de avaliación do Plan de Orientación.
 - Aprobación do PO.

Dentro das estratexias de intervención figuran o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial. A orientación forma parte da educación dotando a esta dun carácter personalizado, considérase un continuo que comeza coa escolarización do alumnado e finaliza

alumnado e finaliza ao termo do ensino non universitario e que inclúe a toda a poboación escolar.

É unha tarefa cooperativa, competencia de todo o profesorado, especialmente dos titores/as e apoiada no departamento de orientación. Orientar, é polo tanto, guiar, apoiar, acompañar no proceso, educando para a vida e na capacidade para tomar decisións.

A concepción da orientación está sustentada e fundamentada nos principios de prevención, desenvolvemento e intervención social.

- ▶ Prevención: orientación coma un dereito de todo educando en todo momento e non unicamente cando apareza unha problemática específica.
- ▶ Desenvolvemento: os alumnos/as na súa interacción co medio van estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas, ademais da súa personalidade. Trátase de crear un contexto motivador que estimule estes cambios.
- ▶ Intervención Social: a orientación non debe ter en conta só ao individuo, senón que hai que consideralo dentro dun contexto educativo e social no que se desenvolve.

1.1 MARCO LEGAL

A lexislación educativa máis recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven, tal e como se reflicte na normativa básica que seguirá o Departamento de Orientación na súa actuación:

- Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/ 2006, de 3 de maio de Educación (LOE).
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, que regula o calendario de aplicación do marco de ordenación do sistema educativo, establecida pola LOE.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamentoda orientación educativa e profesional.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Por iso, presentamos o Plan de Orientación como unha guía de traballo, aberta e flexible na que o plantexamento que temos sobre o concepto da orientación educativa é o seguinte:

- É un proceso continuo, sistemático e articulado onde o/a alumno/a é o claro axente activo do seu propio progreso.
- Forma parte da función docente e integra todas as accións realizadas dende a titoría e o asesoramento.
- É un dereito de todo o alumnado e garante o desenvolvemento de medidas preventivas pero tamén compensadoras e dirixidas ao desenvolvemento de potencialidades.
- Concrétase en Plans de Actuación no centro como son: o Plan de Atención á Diversidade (PXAD), e o Plan de Acción Titorial (PAT), Plan de Benestar Emocional,...

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver:

características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O CEIP Labarta Pose é un centro público composto por nove unidades: tres do segundo ciclo de Infantil (4º, 5º e 6º) e seis de Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º).

O Colexio está dotado de espazos para aula e de recursos persoais e materiais. No CEIP Labarta Pose están actualmente matriculados 162 alumnos e alumnas. O número de profesorado con destino no centro, no curso actual é de 18; 4 mestres/as de infantil, 5 mestras de Educación Primaria, mestre especialista de Educación Física, 2 mestras de Inglés, 1 mestra especialista de Música e Plástica, 1 mestre de Relixión Católica, 2 mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica, 1 mestra de Audición e Linguaxe compartida co CPI de Zas e 1 orientadora que comparte centro co CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña.

As familias das que proceden os nosos/as alumnos/as adícanse á agricultura, á gandería, así como tamén ao sector servizos. O alumnado conta con servizo de transporte escolar e servizo de comedor. O horario do centro é de 09.30 a 14.30. O comedor escolar de 14.30 a 15.30.

En canto ás relacións das familias co centro, participan cunha elevada porcentaxe nas diferentes actividades que o centro organiza. O centro conta con ANPA, sendo activa a súa participación nas actividades do centro. En liñas xerais, a relación entre o alumnado, e a deste co profesorado, é boa.

A lingua maioritaria é o galego, polo que velamos polo uso do idioma galego como lingua maioritaria de relación na nosa Comunidade educativa.

Neste curso académico, 2023-2024, o Departamento de Orientación está compartido entre o CEIP Labarta Pose (centro base), e o CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña (centro compartido), figurando adscrito este departamento ao IES Maximino Romero Lema e ao IES Terra de Xallas respectivamente.

2.2 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Segundo se establece no artigo 4 do Decreto 120/1998, do 28 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe está composto, para o presente curso, polos seguintes membros:

- ➔ Mestra de Pedagogía Terapéutica: Eva Janeiro Couceiro
- ➔ Mestra de Pedagogía Terapéutica: Natalia Álvarez Cuadrado
- ➔ Mestra de Audición e Linguaxe: Belén Fernández Vázquez
- ➔ Orientadora: Sheila Rodríguez Trigo

A reunión do DO (mestras de PT, AL e orientadora) establécese semanalmente os martes a 5ª hora.

1. OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.1. FUNCIONES

As **funcións do departamento de orientación**, segundo o art. 10º da Orde do 24 de xullo de 1998:

1. Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención no seu ámbito de actuación.
2. Elaborar, de acordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado, conforme o que se establece no artigo 13º desta orde e da CCP do centro, as propostas do PO, e do PAT, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico.
3. Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
4. Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, e á prevención de

dificultades e problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas.

5. Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

6. Facilitarlle á comunidade educativa o apoio e asesoramento necesarios para que o alumnado polda afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa, a resolución de conflitos de relación interpersoal...

7. Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

8. Cooperar cos membros dos EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

9. Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses; adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.

10. Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións.

11. Aqueloutras que a Administración Educativa lle puidese encomendar no

ámbito das súas funcións.

3.2. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

1. Contribuír ó desenvolvemento da personalidade integral dos alumnos/as.
2. Asesorar e orientar ó alumnado, profesorado e familias para a mellora da calidade no ensino.

Obxectivos específicos:

1. Diseñar accións encamiñadas á prevención de problemas de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.
2. Valorar as necesidades educativas dos alumno/as (dificultades e/ou trastornos de aprendizaxe, baixo rendemento escolar, sobredotación, trastornos de conduta, grupos de risco,...) e deseñar programas específicos de intervención.
3. Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría.
4. Fomentar a colaboración, o seguimento, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade.
5. Colaborar co equipo directivo na elaboración do Plan de Igualdade do centro.
6. Contribuír a que os alumnos/as adquiren hábitos de estudo e traballo.
7. Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que os alumnos/as estean en todo momento integrados no centro.
8. Participarse no seguimento do Proxecto Educativo incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.
9. Contribuír á colaboración entre o Departamento e os IES de adscrición.
10. Dinamizar e crear medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes.
11. Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como a súa familia.

4.PLANIFICACIÓN XERAL E IDENTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS.

A planificación xeral de actividades do Departamento de Orientación irá encamiñada ós seguintes principios de actuación:

4.1 Ámbitos de intervención:

Todo o contexto educativo relacionado co centro escolar e a súa comunidade educativa.

Atención á diversidade:

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que soliciten os profesores/as tutores/as, e o orientador considere necesarias.
- Asesorar as adaptacións curriculares que decida elaborar o equipo educativo dos alumnos/as.
- Realizar os informes finais de etapa dos alumnos/as con necesidades.
- Actualizar os informes psicopedagóxicos dos alumnos/as que se considere que necesitan unha adaptación curricular significativa.

Funcionamento do Departamento de Orientación:

- Establecer normas de funcionamento (horario de reunións, periodicidade...) e procedementos de actuación.
- Establecer criterios, a través de reunións no Departamento sobre:
 - Solicitudes de avaliacións psicopedagóxicas.
 - Organización de reforzos educativos.
 - Organización de apoios.
 - Alumnos/as que deben acudir á aula de apoio.
 - Elaboración de informes psicopedagóxicos.

Apoio á acción tutorial:

- Colaborar na realización do Plan de Acción Tutorial (PAT).
- Facilitar material de apoio para o desenvolvemento persoal, académico e profesional de tódolos alumnos/as.

Intervención na comunidade:

- Facilitar a colaboración da familia no proceso ensino-aprendizaxe.
- Coordinar a intervención das distintas institucións que inciden na atención á diversidade.
- Proporcionar información ó profesorado sobre programas de intervención que cubran as necesidades educativas.
- Orientar ós pais/nais para que faciliten o desenvolvemento persoal e académico dos alumnos/as con necesidades educativas.

4.2 Definicións de accións prioritarias:

- Elaboración de documentos para o Departamento: fichas de recollida de datos, solicitudes de avaliación, seguimento de adaptacións curriculares...
- Elaboración de probas pedagóxicas para avaliar a competencia curricular e detectar dificultades e atrasos no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Valoración psicopedagóxica e seguimento dos alumnos/as que asisten ás clases de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe.
- Valoración psicopedagóxica dos alumnos/as propostos polo profesorado, que poidan presentar necesidades educativas.

4.3 Actividades para o presente curso:

Con relación ós alumnos/as:

- Realización das avaliacións psicopedagóxicas prioritarias.
- Aplicar unha proba só para ós alumnos de 6º de Educación Infantil, será a "Batería de Aptitudes Diferenciais e Xerais" a nivel gráfico a fin de comprobar o grao de adquisición de conceptos á hora de ter que enfrontarse no vindeiro curso ó proceso lectoescritor. Esta proba pasarase no 3º trimestre.
- Realización de informes individuais de todo o alumnado NEAE, que finaliza o 6º curso de primaria no centro.
- Implementar programas de educación emocional. Serán os mestres-titores os encargados de desenvolveselos.

Con relación ós profesores:

- Elaboración do Plan Anual do Departamento de Orientación.

- Avaliación e seguimento dos alumnos/as con necesidades educativas.
- Coordinar o seguimento dos programas de reforzo deseñados para alumnos/as con necesidades.
- Coordinar, en colaboración cos profesores/as implicados, o seguimento das AC elaboradas.
- Reunións cos titores/as e cos especialistas de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe para organizar os apoios, así como tamén o posterior seguimento dos mesmos.

Con relación ós pais/nais:

- Asesorar ós pais/nais (sempre que sexa necesario) sobre aspectos relacionados co proceso educativo dos seus fillos e fillas e os programas de reforzo que se leven a cabo.
- Realizar entrevistas persoais, sempre que sexa necesario.
- Informalos sobre os resultados acadados polos seus fillos e fillas en probas psicopedagóxicas, cuestionarios e entrevistas que se consideren de interese.
- Implicar ós pais nos programas de reforzo que se poñan en práctica, na escola, cos seus fillos e fillas.

Outras actividades:

- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Establecer canles de comunicación con diferentes servizos e institucións, sobre todo da zona, no ámbito das competencias establecidas.
- Colaborar, coordinar e intercambiar informacións e materiais con outros departamentos.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- Participar nas reunións co IES de referencia.

5.HORARIOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PT A TEMPO COMPLETO, PT COMPARTIDA, AL E ORIENTADORA)

5.1 Horario da xefatura do Departamento de Orientación.

O horario da xefa do departamento axústase ó establecido na Orde 23/06/2011, e tamén á condición de itinerante que se recolle no acordo das condicións de traballo do profesorado itinerante; vinte e cinco teñen carácter de lectivas (inclúe gardas, recreos e itinerancias), e tres complementarias fixas de carácter xeral (para reunións, dinamizacións, claustros,..) no centro base, nos mesmos períodos previstos para todo o profesorado do centro, martes pola tarde e dúas de permanencia repartidas ao longo da semana.

A orientadora acudirá ao CEIP Labarta Pose os luns, martes e mércores, e ao CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña os xoves e venres.

Nas horas complementarias fixas no centro base de carácter xeral recóllense:

- O primeiro martes do mes: EACE, EDLG e Plan Dixital.
- O segundo martes do mes: coordinación do Departamento de Orientación cos titores.
- O terceiro martes do mes: equipo da biblioteca.
- O último martes do mes: CCP.

Nas horas complementarias de cómputo mensual prevense, especificamente:

- Asistencia ás reunións que convoque a xefa do Departamento de Orientación do IES Maximino Romero Lema e a xefa de departamento do IES Terra de Xallas.
- Convocatoria das reunións trimestrais cos membros do departamento en pleno.
- Asistencia a todas as reunións de avaliación que se realicen nos centros sempre que sexa posible.

Recursos

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro e o propio departamento, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo recurrir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

5.2. HORARIOS PROFESORES DE APOIO.

A mestra de PT que está definitiva no centro conta co seguinte horario:

HORARIO PT DEFINITIVA (establecido segundo criterios de prioridade)					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª hora 9:30-10:20	2º EP M.R.A.	2º EP M.R.A.	6º EP H.E.V., A.P.C. E A.Z.	6º EP T.A.G.M.	6º EP T.A.G.M.
2ª hora 10:20-11:10	6º EP H.E.V., A.P.C. E A.Z.	5º EI A.C.C, B.F.B. e I.S.D.	5º EI B.F.B. e I.S.D.	6º EP H.E.V., A.P.C. E A.Z.	2º EP M.R.A.
3ª hora 11:10-12:00	1º EP J.M.P.	6º EP H.E.V., A.P.C. E A.Z.	1º EP J.M.P.	5º EI A.C.C, B.F.B. e I.S.D.	1º EP J.M.P.
12:00-12:30	RECREO				
4ª hora 12:30-13:40	5º EI A.C.C, B.F.B. e I.S.D.	1º EP J.M.P.	GARDA	6º EP H.E.V., A.P.C. E A.Z.	6º EP H.E.V., A.P.C. E A.Z.
5ª hora 13:40-14:30	1º EP J.M.P.	REUNIÓN D.O.	2º EP M.R.A.	GARDA	COORDINACIÓ N EACE

A mestra de PT que está provisional no centro conta co seguinte horario:

HORARIO PT DEFINITIVA (establecido segundo criterios de prioridade)					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª hora 9:30- 10:20	2º EP D.M.L. e L.O.D.	2º EP D.M.L. e L.O.D.	6º EP APOIO VARIAS NEAE DENTRO DA AULA	4º EP D.C.P.	3º EP Y.A.A.

2ª hora 10:20- 11:10	6º EP APOIO VARIAS NEAE DENTRO DA AULA	2º EP D.M.L. e L.O.D.	GARDA	6º EP APOIO VARIAS NEAE DENTRO DA AULA	2º EP D.M.L. e L.O.D.
3ª hora 11:10- 12:00	3º EP Y.A.A.	6º EP APOIO VARIAS NEAE DENTRO DA AULA	3º EP Y.A.A.	3º EP Y.A.A.	GARDA
12:00- 12:30	RECREEO				
4ª hora 12:30- 13:40	4º EI I.F.V.	4º EI I.F.V.	4º EI I.F.V.	5º EP A.B.M.	6º EP APOIO VARIAS NEAE DENTRO DA AULA
5ª hora 13:40- 14:30	5º EP A.B.M.	REUNIÓN DO	2º EP D.M.L. e L.O.D.	COORDINACIÓN N 1º CICLO	4º EP D.C.P.

A mestra de AL está compartida co CPI de Zas ten o seguinte horario:

HORARIO AL COMPARTIDA (establecido segundo criterios de prioridade)					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª hora 9:30- 10:20		5º EI A.C.C., B.F.B. E I.S.D.		GARDA	5º EI A.C.C., B.F.B. E I.S.D.
2ª hora 10:20- 11:10		½ s. 2º EP: D.M.L. e L.O.D. ½ s. 2º EP D.M.C. e M.R.A.		6º EP T.A.G.M.	½ s. 6º EI M.B.I.,D.G.S, L.V.R. ½ s. 1º EP L.B.C., J.M.P. e S.M.N.
3ª hora 11:10- 12:00		½ s. 4º EI I.F.V. ½ s. 1º EP L.B.C., J.M.P. e S.M.N.		COORDINACIÓN 2º CICLO	½ s. 2º EP: D.M.L. e L.O.D. ½ s. 2º EP D.M.C. e M.R.A.
12:00- 12:30	RECREEO				
4ª hora 12:30- 13:40		6º EP H.E.V.		½ s. 6º EI M.B.I.,D.G.S, L.V.R. ½ s. 4º EI I.F.V.	½ s. 6º EP T.A.G.M. ½ s. 6º EP A.F.D.
5ª hora 13:40- 14:30		REUNIÓN D.O.	i	ITINERANCIA	ITINERANCIA

6 ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da Comunidade Educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Non obstante, para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, sendo o procedemento da intervención orientadora o seguinte:

1º *Recepción e devolución da demanda.* As demandas de intervención ao Departamento virán reguladas polas seguintes condicións:

- A demanda concretarase por escrito nos protocolos de derivación existentes no Departamento, proporcionando o demandante a maior información respecto ao tema en cuestión.
- O Departamento estudará a demanda sobre o que se refire á coherencia da mesma constatando a petición con outros axentes educativos implicados.
- A devolución de resposta por parte do Departamento producirase en entrevista co demandante, onde quedarán explicitadas: as responsabilidades de cada axente educativo na avaliación inicial que sexa precisa e as responsabilidades no tratamento das necesidades educativas que podan presentarse.

2º *Intervención psicopedagóxica ou orientadora.* Unha vez acordadas as responsabilidades no proceso de intervención, levaremos a cabo a intervención.

3º *Avaliación da intervención.* En todos os casos ao finalizar unha intervención producirase por parte do Departamento de Orientación a avaliación da mesma, co fin de retroalimentar intervencións posteriores do

mesmo tipo, debéndose de recoller devanditas valoracións por escrito a fin de que quede constancia da mesma.

Á marxe da intervención que se articula ao redor do PXAD e do PAT que presentaremos a continuación, entendemos que existen uns **recursos estratéxicos xerais** que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos subplans anteriormente mencionadas. Eses recursos son:

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.
- A importancia da participación activa dos mestres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- A importancia dos coordinadores, coa función de aunar e ordenar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
- O especialista de PT: ningún mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- A promoción de grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia actividade.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e periódica coas familias.
- As actuacións coas nais e pais de alumnos e alumnas, na procura dunha liña adecuada de colaboración e relación escola-familia.
- A dispoñibilidade e colaboración da orientadora, tanto no que atinxe aos centros compartidos coma na relación cos demais orientadores da zona.

Así mesmo, tamén se vai a traballar co modelo de programas de intervención porque cumpre os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social., tratando de adaptar o modelo ás necesidades que vaian xurdindo na acción orientadora, tendo en conta os destinatarios e o contexto no que vai ter lugar. O obxectivo principal é a valoración do alumnado nas súas capacidades, posibilidades e potencial de aprendizaxe, cunha avaliación

dinámica que cumpre funcións orientadoras, concretadas no deseño e seguimento de programas de intervención segundo as necesidades detectadas pola Comunidade Educativa en xeral, e o Departamento de Orientación en particular.

Débase utilizar o asesoramento baixo un enfoque non directivo, acompañando ao suxeito no seu proceso de desenvolvemento, actuando como facilitador da comunicación a través da técnica da entrevista non directiva.

As actuacións do Departamento de Orientación integraranse na Programación Xeral Anual. O seu traballo basearase na elaboración conxunta de propostas de actuación cooperativas desde un marco de corresponsabilidade segundo recolle a LOE.

Como xa sinalamos na introdución deste documento, son estratexias de intervención o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial.

A través do desenvolvemento dos mesmos, preténdese:

- Ofrecer unha resposta educativa nos distintos ámbitos interrelacionados dos dous plans.
- Favorecer o desenvolvemento das capacidades xerais de todos/as os/as alumnos/as dando resposta ao mesmo tempo ás alumnas e alumnos con necesidades específicas.
- Mellorar as condicións xerais do contexto educativo co fin de previr problemas de aprendizaxe.

Así mesmo implicaremos nesta tarefa a todos os sectores que forman a comunidade educativa: profesorado, pais, nais, institucións do contorno, etc.

Para acadar estes e outros obxectivos que expoñemos a continuación, levaremos a cabo diversas actividades que presentamos divididas nos dous plans.

A.- Plan Xeral de atención á diversidade (PXAD)

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumn@s, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aulae do servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, eliminando barreiras, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

B.- Plan de Acción Titorial (PAT)

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o Plan de Acción Titorial.

C.- Plan de Benestar Emocional

Proposto dada a situación socio-sanitaria que se viviu durante a Covid-19 sendo unha base á hora de levar a cabo unha eficaz actividade docente diaria.

6. CRITERIOS, FORMAS E SEGUIMIENTO DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO). Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

O seguimento continuo do plan terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas e que basicamente serán:

- Reunións dos membros do Departamento de Orientación.
- Reunións co equipo directivo, coordinadores/as de ciclo e titores/as.
- Entrevistas cos pais/nais e alumnos/as.
- Sesións de avaliación.
- Intercambios orais ou entrevistas cos destinatarios das intervencións.

Cos datos subministrados polos implicados no deseño e desenvolvemento do Plan de Orientación (Departamento de Orientación, titores e mestres) e polos destinatarios das distintas actuacións (mestres/as, alumnos/as e pais/nais), elaborárase unha memoria ao final do curso.

Esta memoria non se entende tanto como unha descrición das actuacións levadas a cabo, senón como unha síntese reflexiva sobre os logros acadados, as dificultades atopadas, e os aspectos que será necesario modificar para o curso vindeiro.

O seguimento e avaliación do desenvolvemento do Plan será dun xeito continuo, pero realizarase máis minuciosamente ao final do curso.

6.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por:

- Adecuación ás necesidades dos seus destinatarios.
 - Adecuación das metas e obxectivos previstos inicialmente e das actividades realizadas.
- A resposta ás demandas da Comunidade Educativa.
- Adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
 - Grao de implicación de todos os responsables no desenvolvemento da atención á diversidade.
- Grado de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
 - O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
 - O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento das leis educativas vixentes.
 - A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia
 - Adecuación na temporalización programada para as distintas actividades.
 - Calidade da coordinación entre os membros que actúen en programas de intervención con alumnos con n.e.a.e.

- Idoneidade dos medios de avaliación psicopedagóxica e dos materiais propostos para levar adiante os programas.
- Adecuación dos programas á realidade e ás necesidades do centro.
- Efectividade da coordinación dos membros que interveñan en programas de atención a alumnos con n.e.a.e.: número de reunións, acordos tomados, acordos efectivos, suxestións colectivas...
- Efectividade e validez das medidas de atención á diversidade.
 - Aplicación nas aulas das estratexias recomendadas polo departamento.
 - Desenvolvemento da acción tutorial e dos programas de intervención.

En definitiva, coa avaliación do Plan de Orientación e do funcionamento do Departamento o que se pretende é:

- Mellorar curso a curso o asesoramento e apoio prestado ao profesorado, alumnado e familias.
- Adecuarse ás demandas dos distintos ámbitos de intervención, tras coñecer as necesidades.
 - Coñecer a efectividade das intervencións realizadas e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que son susceptibles de mellora.

A avaliación deste plan é o aspecto máis importante, posto que é a forma de superar as dificultades que se presenten, así como, mellorar todos os aspectos que o conforman. Neste proceso é importante que todos os compoñentes participen, de xeito que se artellen medidas de mellora que se axusten á realidade. Deste xeito, a avaliación centrarase en comprobar en que medida se acadaron os obxectivos, tanto os xerais como os específicos, así como ter en conta os elementos que incidiron tanto negativa como positivamente.

A avaliación deberá comprobar o grao de realización, frecuencia, complexidade así como os problemas atopados na realización das distintas actividades propostas nesta Programación Xeral Anual.

6.2. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes procedementose/ou instrumentos:

- As reunións de coordinación do Departamento de orientación e co equipo directivo
- Cuestionarios e entrevistas.
 - Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico.
- Análise do clima de convivencia no centro.
- Memorias finais
- Análise de documentos

6.3. SEGUIMIENTO

O seguimento realizarase, como segue:

1. A través das reunións do Departamento de Orientación.
 2. A través da análise por parte do profesorado do Centro, dos seguintes aspectos:
 - Grao de desenvolvemento persoal dos alumnos/as.
- Integración dos alumnos/as no grupo, en xeral, e do alumnado que procede do estranxeiro, en particular.
 - Axuste das medidas adoptadas de reforzo educativo, adaptación curricular e apoiogrupal.
 - Participación do profesorado na atención á diversidade.
 - Grao de consecución dos obxectivos propostos para os alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.
 - Participación e implicación dos pais/nais na vida do centro en xeral, e nos

programas que se desenvolven en particular.

- Coordinación docente.

7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A elaboración do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) ven recollida na Orde do 24 de xullo de 1998, que no seu artigo 11º b) determina que é función da xefatura do departamento de orientación “responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso”.

Neste Plan de Orientación establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a pertinente temporalización.

Nº	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
01	Asesoramento á Comunidade Educativa	Orientadora	Comunidade Educativa	Todo o curso
02	Proposta de adquisición de material do DO	Orientadora	Dirección	Todo o curso
03	Constitución do DO	Claustro de profesores	Equipo docente	Setembro
04	Revisión do PO	Orientadora	Claustro-Consello Escolar	Setembro-outubro

05	Elaboración doPXAD	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Setembro - outubro
06	Revisión e mellorado PAT.	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Setembro - outubro
07	Elaboración de informes para as Becas do MEC para os ACNEAE	Orientadora	Familias	Setembro
08	Proposta de organización dos apoios do profesorado de PT	Orientadora e profesora do dePT e AL	Titores do ANEAE	Setembro- Outubro
09	Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Outubro
10	Asesoramento e colaboración na elaboración/ revisión documentos do centro.	Orientadora	Claustro - Dirección	Todo o curso
11	Actuacións promotoras convivencia	Departamento de Orientación	Comunidade Educativa	Todo o curso

1 2	Participación activa na CCP	Orientadora	Equipo Docente	Todo o curso
1 3	Asesoramento nas Avaliacións iniciais	Orientadora	Equipo Docente	Setembro
1 4	Recepción de pais/nais de alumnos con NEAE	Orientadora	Familias	Todo o curso
1 5	Estudo das necesidades do alumnado de cada centro compartido.	Orientadora	Alumnado	Setembro-outubro
1 6	Cubrir o DRDadi eDRDorienta	Orientadora	Ministerio e Consellería	Outubro e Mayo
1 7	Atención semanal aos centros compartidos e adscritos	Orientadora	Centros Compartidos	Todo o curso
1 8	Asesoramento na realización, revisión e seguimento dasACS	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio, dirección	Todo o curso
1 9	Asesorament o xeral na acción tutorial	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
2 0	Recollida de datos e información sobre	Orientadora	Alumnado	Todo o curso

	o alumnado.			
2 1	Participación en actividades extraescolares e complementarias de lecer ..	Orientadora	Profesorado e alumnado	Todo o curso
2 2	Reunión co equipo directivo, profesores de PT e AL e titores/as.	Departamento de Orientación	Membros do DO	Mínimo 1 vez ao mes
2 3	Reunión coas diferentes coordinacións .	Departamento de Orientación	Membros do DO	1 vez ao mes
2 4	Participación en distintas reunións e claustros.	Orientadora	Equipos Docentes Claustro	Todo o curso
2 5	Atención semanal preventiva co alumnado.	Orientadora	Educación Infantil	Todo o curso
2 6	Atención e seguimento personalizado ao alumnado con ACS e RE	Orientadora	Alumnado	Todo o curso
2 7	Realización de avaliacións psicopedagóxicas ,ditames e	Orientadora	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias	Con carácter xeral, 1º e 2º trimestre

	informes.			
28	Elaboración dos Programas de intervención.	Orientadora	Alumnado	Outubro
29	Participación nas sesións de avaliación.	Orientadora	Equipos docentes.	Ao remate de cada trimestre.
30	Elaboración demateriais.	Orientadora	Alumnado, equipos docentes	Todo o curso
31	Valoración dos resultados das tres avaliacións.	Orientadora	Equipo docente	Ao comezo de cada trimestre
32	Realización dunhaexploración de agudeza visual para o alumnado de 5º e 6º de E.Infantil.	Orientadora	Equipo docente e pais/nais	Xaneiro
33	Realización dunhaexploración psicopedagóxida a totalidade do alumnado de 6º de E. Infantil	Orientadora	Equipo docente	Abril-Maio

34	Información ao alumnado, pais/nais de 6º sobre a ESO, visita o IES de referencia, si é posible, dos centros compartidos.	Orientadora	Alumnado de 6º curso e familias	Maio
35	Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación .	Departamento de Orientación	Profesor titor e profesorado de apoio	Maio
36	Avaliación das ACS, dos RE e Programas de intervención.	Departamento de Orientación	Profesor titor e profesorado de apoio	Xuño
37				
38	Elaboración dos informes do alumnado que remata E. Primaria e foi obxecto dalgunha	Orientadora	Orientadores dos IES:	Xuño

	avaliación psicopedagóxica.			
39	Proposta de ACNEAE para o vindeiro curso	Orientadora	DO, Claustro	Maio-Xuño
40	Redacción da memoria do Departamento de Orientación	Orientadora	DO, Claustro e Consello Escolar	Xuño
41	Atender aos centros adscritos	Orientadora	Alumnado, familias e equipos docente	Todo o curso

En Baio, 2 de outubro de 2023
A Xefa do Departamento de Orientación
Sheila Rodríguez Trigo

8. PROGRAMACIÓN PT

INTRODUCCIÓN

A realidade escolar do noso centro lévanos a deseñar un Plan de Atención á Diversidade co fin de planificar medidas que faciliten unha resposta adaptada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo escolarizado nel, e en especial aqueles con necesidades educativas permanentes ou transitorias.

A inclusión educativa do alumnado con necesidades educativas, implica aceptar que todos pertencen ó sistema ordinario, e dende este, débense ofrecer

solucións diferenciais segundo as súas particularidades. É, en definitiva, a aplicación da normalización a nivel educativo, a noción dunha escola e un currículo para todos baixo os principios da comprensión e da diversidade.

Os apoios van dirixidos a reforzar as áreas instrumentais, así como proporcionar aos alumnos/as aprendizaxes significativas, funcionais, instrumentais dotándoos de autonomía persoal. Do mesmo xeito, tamén se fará fincapé no traballo das habilidades sociais e dun fomento dos valores de cooperación e compañeirismo.

Propiciarase a coordinación a nivel centro, co Departamento de Orientación, cos titores e organismos alleos ao centro, coa finalidade de mellorar a integración social e escolar do alumnado.

Mellorarase a motivación e a autoestima para conseguir unha forma de traballo máis autónoma e reflexiva.

Realizarase unha avaliación inicial de cada alumno/a, e xunto con todos os profesionais implicados, procederase se é o caso, á realización de Reforzos Educativos ou, cando sexa necesario, Adaptacións Curriculares Significativas, adecuándonos así ao ritmo de aprendizaxe e ao nivel de competencia curricular de cada neno/a, para dar resposta as súas necesidades en función das súas capacidades, intereses e motivación.

O apoio levarase a cabo dentro da aula ordinaria e na aula de PT cando sexa necesario. A modalidade escollida será unha decisión en consenso co profesorado implicado no proceso de ensino- aprendizaxe.

ORGANIZACIÓN DA AULA DE PT

No curso 2023/24 o centro conta dúas mestras de PT a tempo completo, unha con carácter definitivo e outra provisional.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo faise atendendo ás necesidades educativas particulares da cada un deles.

Esta atención pretende ser aberta, de modo que durante o curso, e mediante unha avaliación continua, poderá reformularse a necesidade ou non de seguir recibindo apoio, así como a natureza dos mesmos. A lista de alumnas/os que

reciben apoio non é pechada, posto que ao longo do curso poden aparecer máis alumnas/os que precisen de apoio.

O traballo ao longo de todo o curso estará permanentemente coordinado entre os membros do departamento de orientación (orientadora, dúas mestras de PT e mestra de AL) e os distintos docentes implicados.

O apoio levarase a cabo por parte da especialista en PT, tanto directamente cos alumnos e alumnas, como apoiando aos titores, ofrecendo materiais, suxerencias, facilitando información e estratexias para traballar os aspectos específicos de cada alumno/a.

OBXECTIVOS XERAIS:

Aínda que cada alumna e alumno require dunha atención individualizada e un estudo e plantexamento diferente, en liñas xerais, os obxectivos a conseguir nesta programación xeral serán os seguintes:

- Facilitar ao alumnado unha resposta adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social. Así como o grao óptimo das competencias básicas establecidas para cada curso.
- Realizar as avaliacións iniciais.
- Levar a cabo as coordinacións necesarias co Departamento de Orientación e titores.
- Levar a cabo propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno e alumna.
- Fomentar a adquisición das competencias clave, por medio dunha intervención global.
- Desenvolver as capacidades do alumno/a que inflúan no seu proceso de aprendizaxe (atención, percepción, memoria).
- Fomentar o desenvolvemento das habilidades instrumentais básicas (lectura, escritura, cálculo e expresión).
- Potenciar a ensinanza activa baseada na actividade dos nenos/as na autonomía e creatividade.

- Potenciar o aprendizaxe compartido que fomente relacións cordiais e de cooperación.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades dos alumnos.
- Favorecer o desenvolvemento da propia identidade e a autonomía persoal.
- Reforzar o proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver actuacións encamiñadas á prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Ter en conta os diferentes modos do alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e comunicación da mesma, xunto ao axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos da avaliación, ás súas circunstancias.
- Fomentar as competencias emocionais para o alumnado con NEAE.
- Implementar un bo clima de diálogo co noso alumnado de NEAE para que sexan capaz de conseguir unha boa xestión emocional.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos profesionais (tanto internos como externos ao centro) que interveñen con estes alumnos.
- Fomentar o acercamento e a interacción coas familias para dar respostas conxuntas ás necesidades do alumnado.

Levaranse a cabo a través dunha serie de programas coa finalidade de desenvolver as competencias básicas do alumnado para unha mellor adquisición das técnicas instrumentais, e así influír positivamente no desenvolvemento do seu proceso educativo.

A programación en xeral terá como punto de referencia (agás nos casos dos alumnos que teñen A.C.) os obxectivos, contidos, criterios metodolóxicos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación establecidos nas programacións de aula nos que estes alumnos e alumnas están escolarizados.

METODOLOXÍA

Realizaranse apoios dentro e fóra da aula ordinaria. Tendo en conta a lexislación vixente e segundo a proposta do Departamento de Orientación.

Hai unha grande diversidade de estratexias didácticas que poden ser utilizadas, dependendo das necesidades educativas do alumno. Utilizarase unha metodoloxía activa, dando cabida á cooperación, á flexibilidade, ás características individuais e á compensación de desigualdades.

En todo momento atenderase a posibles suxestións. O importante é a toma de conciencia acerca de que o alumnado son os que marcan a pauta na organización do proceso de ensino-aprendizaxe.

En resumo, os principios xerais da nosa intervención educativa serán os seguintes:

- Partir do desenvolvemento do noso alumnado.
- Asegurar a funcionalidade do aprendido mediante a construción de aprendizaxes significativos. Axudarlle a que realice aprendizaxes por sí mesmo, axudarlle a “aprender a aprender”.
- Aprendizaxes globalizadas encamiñadas á consecución do conxunto de competencias dun modo xeral e non de modo illado e por área.
- Desenvolver aprendizaxes funcionais para a vida e favorecer a xeneralización.
- Potenciar unha aprendizaxe comprensiva.
- Espertar no alumno ou alumna á curiosidade e o interese por aprender.
- Axustar as respostas educativas ás necesidades.
- Esgotar as medidas de reforzo educativo antes de contemplar as AC.

Garantir a participación das familias para posibilitar unha continuidade no traballo, así como cos diferentes profesionais que interveñen na atención educativa, tanto no centro como noutras institucións alleas.

COMPETENCIAS CLAVE

As sete competencias clave serán traballadas en todas as sesións de apoio, destacando como prioritarias as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (escoitar, falar, conversar, ler e escribir).

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (numeración, cálculo, resolución de problemas e razoamento).
- Competencia dixital (empregar as TICs para organizar e procesar a información , resolver problemas reais e para favorecer as aprendizaxes en xeral).
- Competencia para aprender a aprender (motivación, vontade, ser consciente do saber e do que cómpre saber).

ESPACIOS, MEDIOS E RECURSOS

O centro conta con Departamento de Orientación Compartido, sendo este o centro base e acudindo a orientadora tres días á semana, dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica a tempo completo e unha especialista en Audición e Linguaxe compartida con outro centro, na que acode tres días á semana. Conta con espazos e medios materiais adecuados.

Hai dúas aulas de PT para cada unha das mestras. Unha das aulas PT está organizada por recunchos beneficiando ao alumnado con TEA (sendo estes un número importante das intervencións): recuncho da relaxación, recuncho do traballo individual, recuncho dos xogos, recuncho dos números, recuncho da experimentación e recuncho das letras. Esta disposición axuda a todo o alumnado que acude a aula a poder recoñecer en onde están os materiais dependendo da temática e poder ser autónomos no seu uso. A segunda aula de PT conta con menos espazo e polo tanto limita o traballo por recunchos, pero foméntase a autonomía clasificando os materiais por temáticas e sendo moi visuais para todo o alumnado que o precise.

ORGANIZACIÓN

A organización e distribución de tempos levarase a cabo seguindo criterios de flexibilidade. Os horarios coordínanse co profesorado, tentando de respectar as horas das especialidades. A atención é sempre individualizada, procurando establecer o tempo de apoio de cada alumno/a en función dos mesmos.

Os apoios realizaranse prioritariamente dentro da aula ordinaria tal é como recolle a actual Orde do 8 de setembro de 2021, aínda que se terán en conta as necesidades educativas especiais e poderán realizarse intervencións na aula de Pedagogía Terapéutica sen exceder o límite legal, co alumnado con Adaptación Curricular que contén con un desfase considerable que diverxa en gran medida co currículo de referencia para o seu curso.

TEMPORALIZACIÓN

A atención ao alumnado terá distinta temporalización, e dependerá das necesidades que presenten, o número de sesións será proposto pola xefa do departamento de orientación e priorizando a gravidade das NEE, e completando cos NEAE que o precisen.

Actualmente un alumno con TEA en 6º de Educación Primaria atópase en escolarización combinada cunha aula de educación especial, a que acude luns, martes e mércores, e xoves e venres ao centro ordinario. No centro ordinario preténdese que estea na súa aula nas especialidades que poden permitirlle máis interacción social cos iguais, ao igual que compartir espazos comúns no tempo de recreo.

AVALIACIÓN

O proceso avaliativo contará con tres momentos fundamentais: avaliación inicial, formativa e continua e avaliación final.

Ao principio da intervención (avaliación inicial), as mestras de PT realizarán unha valoración de necesidades en colaboración coa Orientadora. aquí, teranse en conta diversos aspectos referentes ao alumnado con NEAE: aspectos cognitivos, linguaxe oral, nivel lectoescritor, coñecemento de conceptos básicos, razoamento, condicións persoais de saúde ou calquera outra circunstancia referida á situación persoal e familiar dos/as alumnos/as, etc.

A avaliación continua, realizase ao longo do curso para axustar a intervención e realizar as modificacións necesarias na atención ao alumnado (horario, número de sesións, natureza da intervención...).

En canto á avaliación final, os resultados da mesma reflectiranse na Memoria final do curso do Departamento de Orientación.

Os instrumentos de avaliación utilizados polas mestras de PT serán os seguintes: a observación sistemática, rexistros, diarios, entrevistas e comunicacións con titorías e familias, etc.

É importante resaltar que no caso do alumnado con Adaptación Curricular, tomaranse como referencia os criterios de avaliación presentes na mesma.

Do mesmo xeito, avaliarase a propia práctica docente e a presente programación por medio das coordinacións e comunicación co Departamento de Orientación, cos profesionais que interveñen na educación deste alumnado e coas familias. Así mesmo, faranse reunións periódicas cas nais/país ou titores legais da/o alumna/o coa finalidade de informarlle sobre os avances experimentados pola nena/o, para establecer pautas de actuación, orientación sobre temas concretos e pedirlle a súa colaboración.

Realizaranse sesións de avaliación nas que participan todos os mestres implicados. Cada alumno/a contará cun informe final que reflexe os obxectivos traballados e conseguidos, sendo punto de partida para o curso seguinte.

COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, COAS TITORIAS, AXENTES EXTERNOS E RELACIÓN COAS FAMILIAS

A relación da mestra de PT co departamento de orientación é continua realizando reunións semanais tal é como recolle a Orde do 24 de xullo de 1998. Nestas reunións realízanse comunicacións dos avances do alumnado co fin de axustar os apoios se fose preciso e realizar un seguimento do alumnado do DO, ao mesmo xeito que se toman decisións sobre as metodoloxías e xeitos de traballar das diferentes profesionais.

No referente a coordinación coas titorías é continua e permanente podendo realizar reunións no horario de permanencia no centro para asesorar na atención do alumnado e dotar de material adaptado se é preciso.

Do mesmo xeito realizaranse, se fose preciso, reunións con axentes externos (coas debidas autorizacións de comunicacións realizadas pola xefatura do DO e a familia) que atenden ao alumnado co que se traballa no centro, co fin de seguir unhas mesmas pautas de intervención.

A comunicación coas familias realizarase os martes pola tarde dende as 15:30 ata as 16:30 pretendendo ter unha cooperación estreita para promover un traballo conxunto entre centro-escola.

En Baio, a 2 de outubro de 2023

Eva Janeiro Couceiro e Natalia Álvarez Cuadrado

Mestras de Pedagogía Terapéutica

9. PROGRAMACIÓN AL

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación xeral anual nace como resultado dunha avaliación inicial, na cal se detecta entre o alumnado do centro unha serie de necesidades específicas de apoio educativo. Os casos considerados polo Departamento de Orientación serán atendidos por min, a mestra especialista en Audición e Linguaxe do curso 2023–2024.

Nas sesións de Audición e Linguaxe acóllese aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo coa finalidade de proporcionarlle un apoio individual ou grupal, en función das súas características individuais ben fora da aula, ou na aula do grupo clase.

As actuacións docentes lévanse a cabo durante tres días á semana, martes, xoves e venres xa que os demais días atópome impartindo docencia no CPI de Zas coma mestra especialista de Audición e Linguaxe itinerante.

1. ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO POR PARTE DA ESPECIALISTA DE AUDI- CIÓN E LINGUAXE:

As actuacións que se levarán a nivel xeral irán enfocadas en dúas vertentes;

- Actuacións indirectas encamiñadas á colaboración e orientación co Departamento de Orientación, coas familias e co profesorado en xeral.
- Actuacións directas dirixidas á avaliación, diagnóstico e intervención de todo o alumnado con dificultades comunicativas, ben de voz, audición, fala e/ou linguaxe tanto oral como escrito.

Como **actuacións indirectas** levaranse a cabo as seguintes:

- Colaboración co Departamento de Orientación e os titores na avaliación, asesoramento, intervención e seguimento do alumnado con dificultades de linguaxe.
- Intervencións primarias mediante a elaboración de material informativo sobre a estimulación da linguaxe oral en infantil con orientacións e actividades.
- Orientación e pautas de intervención para o profesorado e as familias.
- Informe final de cada alumno e alumna sobre a evolución e os logros.

Dentro das **actuacións directas** destacan as seguintes:

- Avaliación individualizada de todo o alumnado que recibiu apoio en audición e linguaxe durante o último trimestre do curso anterior para valorar deste xeito, a súa posible continuidade e as pautas de intervención a levar a cabo.
- Colaboración na avaliación inicial do alumnado que soliciten os titores mediante a folla de derivación que se lle facilitará.
- Intervención propiamente dita, dentro da cal se deseñarán os programas de intervención específicos para o alumnado que o precise.

2. OBXECTIVOS XERAIS:

Como queda regulado no *Decreto 120/1998, do 23 de abril*, eu como mestra

de audición e linguaxe, que exerzo a función de apoio á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo neste centro, formarei parte do departamento de orientación do mesmo. Como membro de dito departamento debo colaborar na identificación e valoración das necesidades educativas do alumnado do contorno polo que colaborarei na avaliación psicopedagóxica cando se requira da miña axuda.

Ademais, seguindo o establecido polo *Decreto 374/1996, do 17 de outubro*, as funcións específicas que como mestra Especialista en Audición e Linguaxe debo cumprir son as que seguen:

- Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- Orientar ao profesorado que imparta docencia ós alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.

Sen prexuízo das funcións xa sinaladas, na *Orde do 27 de decembro de 2002*, artigo 19, indícase que a mestra de audición e linguaxe levará a cabo intervencións específicas que serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación en colaboración co titor ou titora do grupo ó que pertence a alumna ou alumno.

Ademais dos obxectivos establecidos lexislativamente, asumo os seguintes:

- Estimular o desenvolvemento da linguaxe oral e detectar posibles dificultades de audición, voz, fala e linguaxe no alumnado do Centro.
- Intervir especificamente na forma, contido e uso da linguaxe oral e nos procesos lectoescritores.
- Proporcionar pautas de intervención e orientacións precisas ás familias e ao profesorado sobre o desenvolvemento da linguaxe.
- Fomentar a inclusión, equidade e igualdade do alumnado con n.e.a.e. dentro da comunidade escolar.

- Incrementar a iniciativa do alumnado partindo das súas necesidades.
- Colaborar potenciando as relacións interpersoais entre os membros da comunidade educativa, fomentando un clima de confianza que favoreza o bo facer educativo.
- Establecer unha canle de comunicación con todos aqueles profesionais externos ao centro, implicados na atención aos alumnos que asisten ás sesións de Audición e Linguaxe.
- Colaborar coa comunidade escolar en todas aquelas actividades e proxectos que se leven a cabo no centro, como pode ser o caso do proxecto de centro “Baio, unha ollada pola nosa Historia” que se traballa dende a biblioteca como eixe vertebrador e as conmemoracións que se traballan dende o equipo de actividades extraescolares e complementarias.
- Colaborar na formulación do meu horario de traballo.
- Establecer unhas canles de comunicación fluídas e unha relación axeitada entre as familias e o centro escolar.
- Elaborar e adquirir o material preciso para atender ás necesidades do alumnado.
- Xestionar o espazo e os recursos nas sesións de Linguaxe para organizalas do xeito máis harmónico posible.

Destacar que cada caso particular contén uns obxectivos específicos, que servirán de guía para determinar os contidos e as tarefas a realizar durante o proceso da intervención. Estes obxectivos son de forma xeral os que se citan a continuación:

-Intervención en alumnos con trastornos na linguaxe:

- Desenvolver o léxico básico, tanto receptivo coma expresivo que favoreza a representación mental e o coñecemento do mundo que o rodea.
- Favorecer a utilización adecuada de frases de distinto tipo, incorporando elementos pertencentes a diferentes funcións gramaticais que permitan expresar con corrección as súas intencións comunicativas.
- Desenvolver as relacións semánticas entre palabras que favorezan os procesos cognitivos e a expresión verbal dos contidos do pensamento.
- Desenvolver o ámbito pragmático da linguaxe, que lle permita un uso

funcional e social da linguaxe, así coma as funcións da linguaxe.

-Intervención nos alumnos e alumnas con trastornos da fala:

- Favorecer o desenvolvemento dos aspectos perceptivos implicados no desenvolvemento da fala.
- Desenvolver aspectos funcionais do aparato fonoarticulador.
- Favorecer elementos suprasegmentais da fala, prosodia, ritmo... que posibilite unha articulación fluída e satisfactoria.

-Intervención nos alumnos e alumnas con trastornos da lectoescritura:

- Afianzar os prerequisites da lectoescritura.
- Desenvolver o código alfabético.
- Desenvolver as regras de conversión grafema-fonema e fonema-grafema.
- Favorecer a precisión, fluidez e automatización da lectoescritura.

Os obxectivos específicos de intervención estarán recollidos en cada programa de intervención individual dos alumnos e alumnas que reciben apoio de audición e linguaxe.

3. DESCRIPCIÓN DO ALUMNADO QUE RECIBE O APOIO:

Tras as avaliacións psicopedagóxicas realizadas o pasado ano conclúese que son quince os nenos que teñen identificadas necesidades específicas de apoio educativo e quedan alumnos por someter a un proceso avaliativo sendo que se presume que o número de alumnado con neae que recibe apoio de AL poida variar.

4. TEMPORALIZACIÓN:

O traballo no CEIP Labarta Pose por parte da mestra de Audición e Linguaxe desenvolverase durante tres días á semana xa que as outras dúas xornadas dedicaranse no CPI de Zas.

As sesións de Audición e Linguaxe distribúense ao longo da semana atendendo ao horario establecido polas titoras e especialistas. As sesións serán partidas na meirande parte dos casos sendo que con determinados alumnos son

precisas sesións completas.

O horario que se segue este ano en dito CEIP para a especialista de Audición e Linguaxe é o seguinte:

	MARTES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	Alumnos 5ºE.I.	GARDA	Alumnos 5ºE.I.
10:20-11:10	Alumnos 2º E.P.	Alumno 6º E.P.	Alumnos 6º E.I.
	Alumnos 2ºE.P.		Alumnos 1º E.P.
11:10-12:00	Alumno 4º E.I.	COORDINACIÓN	Alumnos 2º E.P.
	Alumnos 1º E.P.		Alumnos 2º E.P.
12:00–12:30	RECREO	RECREO	RECREO
12:30-13:40	Alumno 6º E.P.	Alumnos 6º E.I.	Alumno 6º E.P.
		Alumno 4º E.I.	Alumno 6ºE.P.
13:40-14:30	REUNIÓN	ITINERANCIA	ITINERANCIA

Así mesmo, o horario poderá modificarse ao longo do curso en función das distintas necesidades ou melloras que vaian xurdindo entre o alumnado do centro.

5. METODOLOXÍA DE TRABALLO:

A metodoloxía que se vai levar a cabo terá como base os principios de aprendizaxe significativo, onde se partirá do nivel de desenvolvemento dos alumnos para que os novos aprendizaxes se constrúan e consoliden sobre os adquiridos. Reforzarase o éxito e evitarán os fracasos, aumentando o autoconcepto e autoestima dos discentes. Proporcionaranse situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos co fin de que resulten motivadores, partindo do carácter globalizador, tomando aspectos como:

expresión, comprensión, articulación, vocabulario e linguaxe oral e escrito.

Tamén se terán en conta as Intelixencias Múltiples que postulou Howard Gardner, así dependendo da capacidade específica que o alumno teña máis desenvolvemento orientarei a intervención cara a potenciación e aproveitamento da mesma no desempeño das tarefas

Independentemente da etapa educativa na que se atopen os alumnos ou alumnas, dende as sesións de Audición e Linguaxe, un recurso metodolóxico que se utilizará para gran parte das actividades que se leven a cabo será o xogo con material manipulativo e as TIC

Todas as sesións que leve a cabo co alumnado estarán coidadosamente programadas de antemán. Traballarase de xeito individual ou en pequeno grupo, de máximo 3 alumnos, atendendo á funcionalidade da intervención e tendo e respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumna e alumno.

O obxectivo último que me propoño para a meirande parte dos casos é xeneralizar as aprendizaxes adquiridas a outros contextos e persoas para o cal se precisará da colaboración coas familias e o mestre ou mestra titora. Tras a xeneralización dos mesmos, e a alta ofrecida pola xefa do departamento de orientación, programarase un seguimento co fin de vixiar a evolución e evitar recaídas.

Ademais destas metodoloxías, no traballo diario dentro do centro, empregaranse todas aquelas que promovan a inclusión.

6. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN DO ALUMNADO:

Os criterios nos que baseamos a priorización do alumnado que se atenderá nas sesións de Audición e Linguaxe son os seguintes:

- Necesidades permanentes sobre transitorias.
- Alumnado que recibiu apoio en anos anteriores.
- Alumnado con maior necesidade de comunicación.

Atendendo a patoloxías:

1º Comunicación ausente ou seriamente comprometida e precisen SAAC:

hipoacusia, PC, TEA, discapacidade intelectual e TEL.

2º Dificultades en adquisición e desenvolvemento da linguaxe: retraso simple da linguaxe, disglosias, retrasos da fala.

3º Necesidades permanentes na lectoescritura; dislexias.

4º Necesidades transitorias por alteracións funcionais da linguaxe: lectoescritura, dislalias, disfemia, bradilalia e disfonía.

7. RECURSOS MATERIAIS:

Durante a miña actuación contarei con recursos materiais, humanos e tamén organizativos para atender ás necesidades dos alumnos.

- **Materiais:** Todo o material que se atope dentro das instalacións do centro será susceptible de emprego na miña labor como mestra de Audición e Linguaxe. Dispoño de material comercial e elaborado, ademais de multimedia, preciso para intervir nos procesos psicolóxicos básicos; para practicar a lectoescritura e para intervir nos diferentes compoñentes da linguaxe: fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica pragmática.
- **Humanos:** Dende un punto de vista inclusivo todos os docentes do centro darán resposta educativa ao alumnado con NEAE, en función da súa especialidade e responsabilidades. Pero concretamente, a atención educativa directa será levada a cabo polo titor ou titora, eu como especialista en Audición e Linguaxe, a mestra de Pedagogía Terapéutica e a orientadora do centro.
- **Organizativos:** A organización dos recursos do centro rexerase pola flexibilización para axeitar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como os cambios que experimentan. Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador mentres que as de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

8. AVALIACIÓN:

Os aspectos que serán avaliados son os seguintes:

- Ao alumnado: Ver a adquisición dos obxectivos, a súa motivación,

participación, actitudes, a superación de dificultades, xeneralización das aprendizaxes...

- A programación: Avaliaranse os obxectivos (si se acadaron e si foron axeitados), os contidos, os materiais, os espazos, as actividades, as dificultades no proceso...
- A práctica docente: Debo reflexionar sobre a miña actuación, os valores que transmitín e cómo desempeñei o meu traballo diario para acadar os obxectivos plantexados con anterioridade nesta programación.
- Metodoloxía, técnicas de avaliación e temporalización da mesma.

Ao comezar a escolarización será o titor quen, a través da observación diaria, detecte que un alumno presenta unhas necesidades educativas que se aparten do ordinario. Recollendo o mestre titor dita información e sendo analizada pola xefa do departamento de orientación, obteranse os alumnos que precisen dunha avaliación psicopedagóxica.

Tras a realización da mesma e en función do diagnóstico emitido pola xefa do departamento de orientación, nos casos que corresponda, levarei a cabo unha avaliación inicial con carácter non formal, atendendo ás bases anatómicas e aos catro compoñentes da linguaxe sen esquecerme dos procesos psicolóxicos básicos, de maneira que me permita definir claramente o problema e organizar o meu traballo nas sesións estipuladas para ese alumno.

A partir dos resultados obtidos desenvolverase a intervención e realizarei unha avaliación contínua do proceso que me orientará sobre a efectividade da mesma ou sobre a necesidade de introducir modificacións. Para efectuar dita avaliación empregarei follas de rexistro diario, rúbricas de avaliación e entrevistas co titor e cos pais.

Cando remate a intervención realizarei unha avaliación sumativa que ten como

finalidade analizar os resultados obtidos e a funcionalidade dos mesmos respecto ao proceso educativo do alumno e a súa xeneralización tanto na aula como en todos os contextos diarios. As avaliacións sumativas faranse ao remate de cada trimestre e unha máis concreta ao fin de curso sempre cos correspondentes informes.

En Baio, 2 de outubro de 2023

Belén Fernández Vázquez

Mestra de Audición e Linguaxe